

PATIO A1

Textos vitrinas, de esquerda a dereita

Documentación sobre accidentes de petroleiros acontecidos en Galicia entre 1934 e 1970. O caso máis antigo é o do buque ruso *Boris Sheboldaeff*, que embarrancou e partiu na Pedra do Porto, en Camelle, o 24 de agosto de 1934. O vertido da súa carga provocou a primeira marea negra na Costa da Morte. As fotografías son de José Vidal. Outro sinistro importante foi o do barco canadense *Andros Fortune*, que chocou cun mercante o 27 de febreiro de 1961 á altura de Cabo Vilán. O barco foi remolcado á enseada de Fisterra para proceder ao transvasamento da carga evitando un desastre maior. As fotografías son de Alberto Martí Villardefrancos, reporteiro de *La Voz de Galicia*.

En xullo de 1964, a nove millas de Fisterra, prodúcese a colisión do petroleiro español *Bonifaz* co *Fabiola*. A explosión provocada polo choque causou cinco mortos e numerosos desaparecidos. O petroleiro noruegués *Polycommander* tocou fondo nun baixo na Illa Norte das Cíes en 1970, vertendo ao mar 40.000 toneladas de fuel.

Cortesía da Biblioteca Municipal de Pontevedra (Faro de Vigo) / Arquivo Municipal de Laxe (fotografías de José Vidal) / Alberto Martí Villardefrancos

Selección de materiais dos arquivos dos estaleiros H. J. Barreras nos que se documenta a construción e botadura de plataformas petrolíferas na década dos setenta.

Cortesía estaleiros Hijos de J. Barreras S.A.

En maio de 1976 o petroleiro español *Urquiola* encallou preto do porto da Coruña producindo unha grande catástrofe ecolóxica ao verter ao mar 100.000 toneladas de cru. A explosión que se produciu despois do accidente aconteceu no momento no que se intentaba remolcar o barco. O petroleiro grego *Andros Patria* sufriu un accidente o 31 de decembro de 1978 ao norte das Illas Sisargas, provocando que o barco partise e sufrise un incendio. O *Mar Egeo*, de bandeira grega, embarrancou fronte á torre de Hércules, na Coruña, o 3 de decembro de 1992, vertendo ao mar tamén parte do seu contido.

As fotografías na parte inferior da vitrina (*Urquiola* e *Mar Egeo*) son de Alberto Martí. As da esquina superior dereita (*Mar Egeo*) foron tomadas por Xurxo Lobato.

Cortesía da Biblioteca de Galicia (La Voz de Galicia) / Biblioteca Municipal de Pontevedra (Faro de Vigo) / Alberto Martí Villardefrancos / Xurxo Lobato

Documentación fotográfica procedente dos arquivos dos estaleiros ferroláns ASTANO (Astilleros y Talleres del Noroeste). As fotografías documentan o proceso de construción do superpetroleiro *Arteaga*, o barco de mayor tonelaxe botado dende grada en todo o mundo no seu momento. Foi encargado por Petronor en 1969.

Cedido por EXPONAV – Exposición Nacional de la Construcción Naval, Ferrol
Procedencia: Navantia

A balea negra



Documentación sobre a protesta do *Xurelo*. En setembro de 1981, o barco de baixura *Xurelo*, con base no porto de Ribeira, toma rumbo cara á Foxa Atlántica para denunciar os vertidos nucleares realizados por distintos países europeos nesa zona situada soamente a 300 millas de Fisterra. A tripulación estaba composta por un equipo de mariñeiros, xornalistas e membros de Esquerda Galega. En setembro de 1982 houbo outras expedicións, como as do *Arousa* e o *Pleamar*. En febreiro de 1983 aprobouse unha moratoria de vertidos radioactivos, que quedaron definitivamente prohibidos en 1993 polo Convenio de Londres.

Cortesía de Xurxo Lobato (fotografías das viaxes do *Xurelo*, o *Arousa* e o *Pleamar*) / Xosé Castro (tripulación do *Xurelo*) / Francisco García Fernández (álbum de fotografías) / Anxo Rabuñal (exemplar da revista *Can sen dono*) / La Voz de Galicia e Carmela Queijeiro (o *Xurelo* afundido o 18 de decembro de 2002 no porto de Ribeira)

Documentación sobre o movemento social “Nunca Máis” e distintas iniciativas nadas a raíz do accidente do *Prestige*. Os materiais e carteis incluídos nesta zona foron depositados por diferentes colectivos e cidadáns no arquivo da editorial Difusora de Letras Artes e Ideas, en Ourense. Trátase dunha selección dun conxunto maior publicado nos volumes *Nunca Máis: a voz da cidadanía* I, II e III.

O MARCO de Vigo e o comisario agradecen especialmente a xenerosidade e colaboración da editorial Difusora de Letras Artes e Ideas, Ourense.

PATIO A2

Allan Sekula

Black Tide/Marea Negra, 2002

Fotografías cor

Cortesía de Colección MUSAC, León

-*Volunteer Watching, Volunteer Smiling*. (Illa de Ons, 12/19/02)

-*Volunteer's Soup*. (Illa de Ons, 12/19/02)

-*Large and Small Disasters*. (Illas Cíes and Bueu, 12/20/02)

-*Selfportrait*. (Lendo, 12/22/02)

-*Dripping Black Trapezoid*. (Lendo, 12/22/02)

-*Percebeiros Working and Army Preparing*. (Tourinán, 12/24/02)

-*Exhausted Volunteers*. (En Route from Illa de Ons, 12/19/02)

-*Volunteer on the Edge*. (Illas Cíes, 12/20/02)

-*Disposal Pit*. (Lendo 12/23/02)

-*Fishing for Fuel, Suveying the Damage*. (Ría de Pontevedra, 12/19/02; Museo do alemán, Camelle, 12/22/02)

Carles Guerra

Los últimos días de diciembre con Allan Sekula, 2005

Filmedocumental

25'

Cortesía de HAMACA

Andrea Bowers / Mavis Müller

Alaskans Still Fighting for the Earth, 2009

Pancarta, instalación

Co apoio de: Alaska State Council on the Arts & National Endowment for the Arts

Cortesía de Andrew Kreps Gallery, Nova York

O traballo de Andrea Bowers adoita facer referencia a distintos episodios do activismo político en norteamérica nas últimas décadas. No proxecto *Mercy Mercy Me* (2009) –cuxo título toma prestado dunha canción de Marvin Gaye de 1971, que se converteu nun dos primeiros himnos do movemento ecologista en norteamérica– Bowers céntrase nas loitas ambientais en Alasca, dando especial protagonismo á relación entre os nativos, os movementos verdes e a protección da paisaxe, por un lado; e ao verquido do *Exxon Valdez* (1989), como síntoma especialmente visible das súas loitas, por outro.

A pancarta coa lenda “Alaskans Still Fighting for the Earth”, realizada pola activista Mavis Muller, estivo pendurada dun barco de pesca na baía de Kachemak, en 1989, durante as protestas contra o accidente do *Exxon Valdez*, e converteuse en emblema daquelas mobilizacións.

Andrea Bowers

Circle, 2009

Vídeo, cor, son

17'03"

Cortesía da artista e de Andrew Kreps Gallery, Nova York

Andrea Bowers

The Day the Water Died, 2009

Impresión de arquivos dixitais en cor

Cortesía da artista e de Andrew Kreps Gallery, Nova York

Manuel Sendón

Cuspindo a Barlovento, 2002-2003

Fotografías cor

Cortesía Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC), Santiago de Compostela

A balea negra



GALEGO

PATIO A3

Facsímile do mapa de Galicia de Fray Hernando Ojea

Século XVI

Cortesía do Museo do Pobo Galego, Santiago de Compostela

Xesús Cancela

A caza da balea, anos 70

Película

60' (6 secuencias de 10')

Cortesía de Xan Cancela e do CGAI

Mandíbula de balena aparecida en Laxe

Cortesía do Concello de Laxe

Mark Dion

The Tar Museum – Goose, 2006

Embalaxe de madeira, alcatrán, reclamo de ganso de plástico, plantas, papel maché

Cortesía de Georg Kargl Fine Arts, Viena

Mark Dion

The Tar Museum – Flamingo, 2006

Embalaxe de madeira, alcatrán, reclamo de flamenco de plástico

Colección privada, Austria

Mark Dion

The Tar Museum – Mammal, 2006

Embalaxe de madeira, alcatrán, forma desecada, plantas, papel maché

Cortesía de Georg Kargl Fine Arts, Viena

Mark Dion

The Tar Museum – Mallard, 2006

Embalaxe de madeira, alcatrán, reclamo de pato de plástico, plantas, papel maché

Cortesía de Georg Kargl Fine Arts, Viena

Mark Dion

The Tar Museum – Still life, 2006

Embalaxe de madeira, alcatrán, froitas de cera, bol

Colección privada, Austria

Mark Dion

The Tar Museum – Cave bear, 2006

Embalaxe de madeira, alcatrán, resina, cerámica, chaves, coitelo, reloxo, libros, ferramentas, trampa, roda

Cortesía de Georg Kargl Fine Arts, Viena

Mark Dion

The Tar Museum – Lizard and Gecko, 2006

Embalaxe de madeira, alcatrán, caucho

Cortesía de Georg Kargl Fine Arts, Viena

A balea negra



Mark Dion

The Tar Museum – Goose, 2006

Embalaxe de madeira, alcatrán, reclamo de ganso de plástico, plantas, papel maché
Cortesía de Georg Kargl Fine Arts, Viena

Mark Dion

The Tar Museum – Crocodile, 2006

Embalaxe de madeira, alcatrán, caucho
EVN Collection, Austria

Mark Dion é un dos artistas que máis profundamente investigou as representacións artísticas da natureza nos últimos trinta anos. O seu traballo desenvolveuse como unha derivación da crítica institucional en dous grandes vectores: as representacións da natureza e a ecoloxía, por un lado, e o papel dos arquivos e a arqueoloxía, por outro. En *A balea negra* Dion está presente cun conxunto escultórico de 2006 no que unha serie de animais disecados (paxaros, na súa maioría), aparecen cubertos de brea (chapapote) como símbolo da explotación sistemática da natureza característica das sociedades contemporáneas.

O alcatrán é unha mestura de compoñentes de aparencia negra e viscosa, obtida a partir de materiais orgánicos naturais, como o cru. Esta substancia –que malia a súa orixe orgánica mata e destrúe a materia viva, mesmo os microorganismos– representa exactamente o oposto á graxa dos nutrientes, fonte de enerxía para os seres humanos e os animais. O alcatrán é para Dion un símbolo da transformación da materia utilizada nos procesos industriais e alterada a través da biotecnoloxía. Esta obra apunta á parte máis destrutiva e violenta da apropiación da natureza. Unha forma de contemplación na que o que debería ser a observación da vida se converte, de feito, nun estudio sobre a morte.

El Roto

Sin título, s. d.

Rotulador sobre cartulina
Cortesía do artista

Robert Smithson

Rundown, 1969/1994

Vídeo documental
13'

Filmado por: Robert Fiori

Dirixido por: Jane Crawford

Cortesía de EAI (Electronic Arts Intermix), Nova York

Fronte ao enfoque sociolóxico e crítico de Phel Steinmetz, certos traballos de Robert Smithson de finais dos sesenta e principios dos setenta achegan unha meditación poética sobre o mundo industrial e, de xeito máis específico, sobre a produción petrolífera e a súa anunciada obsolescencia. Tomando como referente dous extremos temporais –o pasado remoto a través do seu interese pola arqueoloxía e a xeoloxía e un futuro de ciencia ficción– Smithson realiza un diagnóstico do presente baseado no concepto de entropía: un proceso que remite á transformación da enerxía inherente a todo sistema (o universo), nun ciclo inexorable cara ao caos e a desaparición.

O traballo de Smithson contribúe a realzar a idea do petróleo como mito dunha sociedade que será irrecoñecible unha vez que esta materia prima, xerada pola compresión subterránea e a altísimas temperaturas dos restos de materia orgánica de millóns de anos de antigüidade, desapareza. A capa de asfalto que Smithson derramou nun vertedoiro de Nova Jersey en 1969 foi un experimento que representa de xeito óptimo esta escala temporal, as relacións entre os conceptos de sedimento e memoria no seu traballo, a idea de entropía e as transformacións a ela asociadas.

PATIO A3

Textos vitrinas, de esquerda a dereita

Nestas vitrinas móstrase unha selección de materiais relacionados coas actividades dos baleeiros en Galicia. Ata a moratoria de 1985 a caza de baleas foi unha actividade tradicional na costa atlántica. As factorías de Balea, en Cangas, e a de Caneliñas, preto de Cee, foron as últimas en pechar. Estes documentos son unha referencia directa ao título da exposición, inspirado nun soño de *Man* (Manfred Gnädinger). Pero hai outro motivo importante que tamén xustifica a súa presenza. No século XIX, a caza de baleas era unha importante fonte enerxética e de combustibles. A iluminación de moitas vivendas era posible grazas ao uso do aceite procedente de distintos cetáceos en lámpadas e candís. Na década de 1850, pouco despois de que Hermann Melville publicase a novela *Moby Dick*, a caza de baleas comezou a declinar (sobre todo nos países anglosaxóns) e foi substituída, en parte, polo refinado de petróleo, que comezou a ser explotado industrialmente despois de que Edwin L. Drake perforase o primeiro pozo en 1859, no estado de Pensilvania, nos EUA.

Cómpre salientar que a baleeiría foi unha actividade tradicional en Galicia dende a Idade Media, que se extinguiu no momento en que as condicións sociais e históricas cambiaron. Na actualidade, outros países, como Noruega ou Xapón, continúan cazando baleas a escala industrial.

Cortesía de Ramón Caamaño (o barco *Temerario* e as baleas varadas en Corcubión e Caneliñas) / Museo de Pontevedra (a factoría de Caneliñas nos anos vinte e trinta) / Quico García (vistas da factoría de Caneliñas e secuencias da caza) / Felipe Valdés Hansen (a factoría de Caneliñas na actualidade)

Arpón e fotografías da factoría de Balea, en Cangas

Cortesía do Museo Massó, Bueu

GALERÍA A1

Marcela Armas

Estanque, 2006

Tanque con manilla de coche flotando en aceite quemado

Cortesía de Arróniz Arte Contemporáneo, México DF

Colaboración PMA-NUTRIGAS S. A.

Un tanque circular de metal, lleno de este derivado del petróleo, impregna el espacio con su olor. En su pulcra y negra superficie asoma la manilla de una puerta de automóvil. La obra surge a partir de una asociación de la ciudad con el concepto original de jardín, una parte de naturaleza racionalizada, modificada y controlada. El estanque en los jardines preserva el ciclo vital y el funcionamiento del ecosistema. El agua del estanque es al jardín lo que los petroquímicos son a la ciudad.

Marcela Armas

Exhaust, 2009

Automóviles encendidos, puente vehicular, gasolina, contenedor de plástico, gas de combustión. Vídeo documental de la acción y fotografía

Vídeo: 5'56"

Cortesía de Arróniz Arte Contemporáneo, México DF

Drew Heitzler

New York, Los Angeles, Orange County, London Miami (Fucked Up, Incomplete), 2010

Tinta y Performix Plastidip en papel de acuarela

Cortesía de Blum & Poe, Los Angeles

Christina Hemauer & Roman Keller

The Postpetrolistic Internationale, 2009-2012

Escultura, instalación, performance, vídeo

Cortesía de Christina Hemauer & Roman Keller

Interpretado por: Obradoiro Vocal A Vila de Pontearreas

Para o proxecto *Portscapes* (2009), os artistas suízos Christina Hemauer e Roman Keller organizaron unha performance da obra *The Postpetrolistic Internationale*, coa axuda de varios coros locais. O proxecto comezou co traslado dunha plataforma de madeira ao longo do Rin, dende Basilea ata Róterdam. Ao longo desta ruta, a tarima foi atracando en distintas localidades, onde un coro local interpretaba unha canción de esperanza “en acción”, coa industria local como pano de fondo. A través destas actuacións, Hemauer e Keller tentan poñer de relevo a cambiante relación do ser humano cos combustibles fósiles e o uso da enerxía. Comprométense así nunha campaña de ton moderado, coa que intentan chamar a atención do público cara ao cambio climático e a crise global da enerxía. *The Postpetrolistic Internationale* utiliza a voz humana colectiva para anunciar unha nova era na que se utilicen outras fontes de enerxía en lugar de combustibles fósiles.

The Center for Land Use Interpretation

Houston Petrochemical Corridor Landscan, 2008

Proxección dixital

14'13"

Cortesía de The Center for Land Use Interpretation

The Center for Land Use Interpretation

South Belridge Oil Field, Kern Country, California Landscan, 2009

Proxección dixital

10'50"

Cortesía de The Center for Land Use Interpretation

A balea negra



The Center for Land Use Interpretation

The Trans-Alaska Pipeline, 2008

Proxección dixital

48”

Cortesía de The Center for Land Use Interpretation

Do mesmo xeito que a pedra, o bronce e outros materiais fundamentais que definiron épocas pasadas da industria humana, o petróleo define o noso tempo. Ningunha materia prima ten tanta transcendencia na nosa tecnoloxía e nos produtos que consumimos. Esta realidade podería ser o relato da nosa era, contado unha e outra vez en forma de mito. Os lugares de produción petrolífera, o seu transporte, almacenamento e procesado representan os puntos de referencia da era do petróleo. Comprender o funcionamento deste sistema, a nivel nacional, define os Estados Unidos como pobo.

Hai 150 anos, Edwin L. Drake atopábase en Pensilvania, furando o chan, tratando de atopar nafta mineral. Utilizou unha viga transportadora a vapor, en saínte, que elevaba e a continuación deixaba caer sobre o chan rochoso, unha e outra vez, unha broca de aceiro unida ao extremo dunha corda, facendo pouco a pouco un burato. Finalmente, un sábado de agosto de 1859, apareceu petróleo nun burato de 21 metros. Acabárase con éxito o primeiro pozo petrolífero produtivo. Se se toma este fito como punto de partida, 2009 representa o sesquicentenario da industria petrolífera. Co obxectivo de recoñecer a importancia desta industria na creación da paisaxe e cultura contemporáneos, The Center for Land Use Interpretation presenta unha serie de mostras sobre o petróleo en terras americanas.

Alexander Apóstol

Prototipo de vivienda en un país petrolero, 2004

Vídeo

1’30”

Cortesía do artista e de Distrito 4 Contemporary Art Gallery, Madrid

“En pleno centro da cidade de Caracas vemos unha praza cun monumento ao petróleo, exemplificado nun balancín. A praza, executada cando se nacionalizou o petróleo en 1975, está hoxe en día rodeada de estacións de servizos dominadas por transnacionais que chegaron cando se abriu o libre mercado e se privatizaron novos campos nos noventa. Hoxe en día a base do monumento está intervida por campesiños e mendigos que armaron o seu “rancho” acubillados polo “teito” do balancín. Viven aí. As dúas imaxes máis recorrentes do imaxinario venezolano, o petróleo e os ranchos, están representadas aquí baixo un mesmo monumento”.
[Alexander Apóstol]

GALERÍA A2

Bernadette Corporation

The Earth's Tarry Dreams of Insurrection Against the Sun, 2010

Televisores, instalación audiovisual

42' y 60'

Cortesía de Galerie NEU, Berlín

Bernadette Corporation é un colectivo artístico nacido en Manhattan a mediados dos noventa, no contexto da renovación da arte conceptual e a crítica institucional que levaban a cabo un grupo de artistas aglutinados pola galería American Fine Arts. Dende os seus inicios exploraron medios tan distintos como as artes plásticas, a literatura ou a moda. A agudeza da súa proposta reside na súa aproximación complexa ao activismo anti-capitalista, un movemento que se debate entre a heroicidade dunha loita aparentemente condenada ao fracaso, a teatralidade e a ficción.

The Earth's Tarry Dreams of Insurrection Against the Sun (2010), presentada por primeira vez na galería Neu de Berlín, relaciona indirectamente a catástrofe do Prestige co derramamento de cru sucedido no Golfo de México en abril de 2010. O desastre provocado pola plataforma Deepwater Horizon, propiedade da compañía British Petroleum, aparece como unha espectacular metáfora da violencia da circulación e o consumo, así como do prezo entrópico que a nosa civilización ten que pagar pola súa existencia.

As imaxes da obra de BC son unha pequena mostra editada das horas que se emitiron en directo nas televisións norteamericanas. Como no caso galego, o accidente de Louisiana foi un pesadelo e un espectáculo ao mesmo tempo. Unha traxedia real que os medios de comunicación converteron nun fenómeno sublime, ou de ciencia ficción, case sen poder evitalo.

xurban_collective

The Containment Contained, 2003-2007

Vídeos, 3 fotografías de gran formato e texto na parede

Cortesía de xurban_collective

Werner Herzog

Lessons of Darkness, 1992

Filme

50'

Cortesía de Werner Herzog Film GmbH, Austria

A película de Herzog sintetiza os principais temas desta sala –o cinema e a presenza dos Estados Unidos en Oriente Medio– pero tamén alude ao resto da exposición. A insurrección da natureza e a loita de Sísifo contra a entropía, que Allan Sekula retratou na súa serie sobre o *Prestige*, por exemplo, resoa con especial potencia ante o dramático, impactante e poderoso documental que Herzog filmou en Kuwait en 1991, despois de que o exército iraquí incendiase os pozos petrolíferos dese país na súa retirada tras a operación “Tormenta do Deserto”. Dez anos antes de que tivese lugar a catástrofe ecolóxica que asolou as costas galegas, outra situación marcada por un cóctel explosivo de avaricia e descontrol político provocou un desastre natural no contorno desértico de Oriente Medio. A paisaxe en lapas de Kuwait, a medio camiño entre a apocalipse, a ciencia ficción, o futurismo e o sublime, sitúanos ante unha imaxe verosímil da fin do mundo e contrasta coa costa arrasada de Galicia en 2002.

Herzog percibe a plasticidade do petróleo como material artístico. Un material a medio camiño entre a pintura e o Land Art, como soubo entender Robert Smithson. É un material que crea e destrúe ao mesmo tempo, ao que Herzog sabe sacar o máximo partido expresivo e poético.

A balea negra



Drew Heitzler

Untitled (Baldwin Hills, Venice Beach, the La Brea Tarpits), 2008

Impresión e performix plastidip en papel de acuarela
(62 unidades)

Cortesía de Blum & Poe, Os Ánxeles

Drew Heitzler é un cineasta e artista californiano que investigou as relacións que existen entre a industria do cinema e a do petróleo nos Ánxeles. A conexión entre petróleo e cinema, dous dos sectores produtivos paradigmáticos do século XX, constitúe unha interesante achega ao proxecto *A balea negra*. A través do marco de Hollywood, revela unha historia alternativa sobre tramas políticas ocultas. Nas súas obras sobre papel reconsidera ideas do pasado que unha vez estiveron latentes ou que foron abandonadas. Heitzler aglutina unha serie de imaxes de distintas fontes, aparentemente sen relación entre si, que funcionan como claves para reescribir un camiño, ou para enunciarse de novo unha historia que nunca foi contada de forma explícita. A obra de Heitzler relaciónase ademais coa mirada de Werner Herzog aos pozos kuwaitís na súa película *Lessons of Darkness*, que actúa como pano de fondo nesta sala e na que o cru e o celuloide aunan as súas forzas para xerar imaxes que asombran pola súa forza e espectacularidade.

Bernardo Bertolucci

La via del petrolio, 1965-1966

Documental en tres episodios. Episodio I: *Le origini* (48') / Episodio II: *Il viaggio* (40') / Episodio III: *Attraverso l'Europa* (45')

Produción: Giorgio Patara Film para Radiotelevisione Italiana TV e ENI (Ente Nazionale Idrocarburi)

Cortesía de Bernardo Bertolucci e ENI

Entre 1965 e 1966, Bertolucci roda para a RAI e a compañía italiana ENI (Ente Nazionale Idrocarburi) unha película documental en tres episodios titulada *La via del petrolio*. No primeiro, *Le origini*, móstranos a contradición dun Irán arcaico, con xentes farrapentas polas rúas, onde a riqueza xerada polo petróleo está só ao alcance de moi poucos. Na segunda parte, *Il viaggio*, os grandes barcos petroleiros atravesan a Canal de Suez, chegando un deles ata Xénova. Ao longo dos tres episodios aparecen distintos personaxes que forman a paisaxe humana desta actividade: obreiros iraníes, traballadores e mariñeiros italianos, directivos... No terceiro e último episodio, *Attraverso l'Europa*, introduce a novidade dun personaxe de ficción, Mario, un xornalista latinoamericano que escribe unha reportaxe sobre o oleoduto que dende Xénova atravesa os Alpes ata as refinerías centroeuropeas. *Il viaggio* daría pé a unha curtametraxe de 12 minutos, con fotografía en cor, titulada *Il canale*, centrado na Canal de Suez, que daquela era fonte de gravísimos conflitos entre Exipto e Israel. Seica esta curtametraxe non se chegou a rematar.

SALA PERIMETRAL

Ursula Biemann

Black Sea Files, 2005

Videoinstalación, texto en vinilo

43'

Cortesía da artista

Ursula Biemann forma parte dunha xeración que renovou os códigos da crítica institucional e as prácticas site-specific a finais dos oitenta en Europa e en Norteamérica. Biemann vincula o seu traballo a cuestións antropolóxicas, ecolóxicas, xeográficas e urbanas. Como colofón a esta sala na que se presentan varios traballos relacionados con Oriente Medio, a obra *Black Sea Files* remite á área xeográfica na que se empezou a extraer petróleo por primeira vez e mostra a súa situación no presente a través dos “personaxes secundarios” que habitan o contorno dun oleoduto. O Cáucaso, zona de transición entre Rusia e Oriente Medio, é un dos puntos máis quentes e conflictivos do planeta. Un lugar no que “o petróleo se converte no sangue da guerra”, segundo a expresión de Vladimir Makanin, autor da novela *El prisionero del Cáucaso*.

GALERÍA A3

Hans Haacke

Mobilization, 1975

Serigrafía a catro tintas sobre plástico acrílico

Copia facsímile, 2012

Cortesía de Paula Cooper Gallery, Nova York

Hans Haacke

The Good Will Umbrella, 1976

Serigrafía a catro tintas sobre plástico acrílico

Copia facsímile, 2012

Cortesía de Paula Cooper Gallery, Nova York

En 1975, pouco despois do embargo dos países da OPEP, Hans Haacke iniciou unha investigación sobre a empresa petrolífera máis importante dos Estados Unidos: Mobil, actualmente denominada Exxon-Mobil. Tras dedicar varios proxectos, na primeira metade da década dos setenta, ao mercado inmobiliario de Nova York, Haacke –un dos máis destacados representantes da arte conceptual– retomou o seu interese por cuestións relacionadas coa natureza, o medio e a súa explotación.

O conxunto de obras e documentos seleccionados para *A balea negra* mostran os resultados da súa investigación entre 1975 e 1985. *Mobilization* (1975) e *The Good Will Umbrella* (1976) aluden ás campañas publicitarias realizadas por Mobil, na década dos setenta, para “lavar” a súa imaxe ante a opinión pública, a través dos medios de comunicación de masas, a política e as artes, xusto no momento en que os movementos ecoloxistas comezaban a tomar forza e a administración Carter apoiaba por primeira vez as enerxías sostibles. *MetroMobiltan* (documentada nunha das vitrinas desta sala), pola súa banda, culminou este proceso en 1985, mostrando as fortes contradicións existentes nunha empresa que, por un lado, patrocinou unha importante exposición de arte antiga africana no museo Metropolitan de Nova York, mentres que, por outro, apoiaba gobernantes corruptos e ditatoriais en países como Nixeria, contribuíndo directamente ao seu empobrecemento e degradación ambiental.

MetroMobiltan actúa como precedente das obras doutros artistas máis novos, como Romuald Hazoumè ou George Osodi, que tratan cuestións similares, en África, no presente, nunha zona, o delta do río Niger na que, segundo se afirmaba nun artigo de prensa recente, “prodúcense episodios de contaminación como os do *Prestige*, ou maiores, de xeito reiterado, dende hai máis de trinta anos”. No medio destes artistas, a figura de Ken Saro-Wiwa destaca como un dos primeiros activistas locais en denunciar esas inxustizas e como inspirador das novas xeracións, despois da súa execución, por parte do goberno de Sani Abacha, en Nixeria, en 1995.

Rirkrit Tiravanija

untitled 2009 (less oil more courage) (wall), 2009

Mural

Cortesía de Rirkrit Tiravanija Studio

Os proxectos máis recentes de Rirkrit Tiravanija están marcados polo seu interese na “estética da protesta” e a sustentabilidade ambiental. Na súa obra LESS OIL MORE COURAGE [Menos petróleo, máis valor], o artista tailandés formula un xogo entre o dobre significado da palabra “oil” en inglés (óleo e petróleo), para xerar un discurso que cuestiona a vixencia de todo un modo de vida. No contexto de *A balea negra*, esta peza tende pontes entre unha escala persoal e estética e outra sistémica e política. Nun sentido máis específico, o mural coa lenda actúa como irónica chamada de atención no contexto museístico, así como de despedida dun mundo que, en plena crise económica, sabemos xa que será diferente ou non será.

A balea negra



“Hai algúns anos recibín unha tarxeta dunha galería en Nova York (Matthew Marks), na que me invitaban a asistir a unha exposición sobre un novo artista chamado Peter Cain. Pintor coñecido pola súa ensamblaxe anamórfica de coches, pintábaos con frescura con vastos trazos de óleo sobre lenzo. Eran a marca dun realista —case gráfico— co discurso dun mundo surrealista; era un mundo de superficies e as superficies metalizadas dos coches. Pero se os coches lle fascinaban, o mundo anamórfico da mutilación biotecnolóxica estaba latente tras eses coches; un mundo no que se clonaba á ovella Dolly e no que o software informático Adobe Photoshop estaba a piques de saír á luz, revelando unha nova paisaxe de interpretación fotográfica alén do endexamais imaxinado. Pero a vida de Peter segouse axiña e non puido ver máis aló dos 37, e o convite que recibín era para unha mostra que se organizaba aos cinco anos do seu pasamento.

A cara do convite reproducía unha páxina do caderno de artista de Peter: un texto que dicía “More courage, less oil”. Se se contextualiza, a mensaxe representaba sen lugar a dúbidas unha nota persoal sobre o dilema de ser pintor e as opcións morais que un afronta ao executar unha obra. Tiven a tarxeta na parede todos estes anos porque consideraba que se trataba dun pensamento moi inspirador, non só para un pintor, senón tamén, se cadra, para calquera artista.

Agora, no contexto actual, xuntos afrontamos un dilema diferente. A cuestión do valor e os pensamentos que desafían a nosa condición actual veñen ironicamente da inversión da inspiradora mensaxe de Peter Cain.

LESS OIL MORE COURAGE [Menos petróleo, máis valor] pídenos que afrontemos nosos propios desexos en pendes, confrontándoos e cuestionándoos, aínda queréndoos cumprir. Como afrontamos con valor a nosa debilidade como sociedade e como comunidade e atopamos o lugar nas nosas consciencias para redirixir o rumbo do camiño que estivemos a percorrer? Viaxaremos ao noso fin moral, pero mentres nos atopemos neste camiño, quizais o desviarnos un pouco del nos achegue, para afrontar os feitos e inspirarnos o suficiente para cambiar”. [Rirkrit Tiravanija. Chiang Mai, Tailandia, 2007]

Romuald Hazoumè

Bagdad City, 1992

Máscara a partir dun bidón de plástico, altofalantes e elementos electrónicos

Romuald Hazoumè

Atchao, 1994

Máscara a partir dun bidón de plástico, metal

Romuald Hazoumè

Aloda, 1996

Máscara a partir dun bidón de plástico, pelo sintético, cunchas

Romuald Hazoumè

Kirikanta, 1995

Máscara a partir dun bidón de plástico, pelo sintético, conchas

Romuald Hazoumè

Internet, 1997

Máscara a partir dun bidón de metal y cables eléctricos

Romuald Hazoumè

Claudia, 1999

Máscara a partir dun bidón de plástico, pelo sintético, fío de algodón

Todas as obras: cortesía de CAAC (Contemporary African Art Collection). The Pigozzi Collection, Xenebra

Boa parte do traballo do artista de Benín Romuald Hazoumè xira ao redor dun obxecto moi común no seu país: os bidóns para almacenar gasolina. Estes colectores, que os beninenses utilizan para transportar combustible de contrabando dende Nixeria, aparecen nas súas obras transformados en expresivos retratos escultóricos con reminiscencias da arte popular ou noutras obras que aluden á realidade social do seu pobo como, por exemplo, unha embarcación de tipo caiuco.

A balea negra



A omnipresencia dos bidóns nas súas obras relaciona un país e os seus habitantes cunha materia prima abundante no contorno, pero cuxo acceso teñen practicamente vedado por motivos políticos e económicos; o petróleo. Deste xeito, os traballos de Hazoumè continúan a liña marcada polos de Saro-Wiwa, Osodi e Haacke e formulan o espolio ao que someten as compañías occidentais a certos estados africanos (algo extrapolable a moitas outras materias primas) como un efecto do colonialismo e a posterior creación de fronteiras artificiais entre comunidades antigamente afíns. Malia a dureza desta situación, os retratos mostran de xeito humorístico unha identidade que se constrúe a partir dos restos e desperdicios altamente contaminantes que deixa a explotación petrolífera en contornos naturais especialmente valiosos e os seus efectos nos seus habitantes.

George Osodi

Oil Rich Niger Delta, 2003-2010

Ensaio fotográfico

200 diapositivas en monitor LCD

Cortesía de Z Photographic Ltd

No contexto desta sala, ao carón das obras de Haacke e Hazoumè, a instalación fotográfica de George Osodi *Oil Rich Niger Delt* funciona como trasfondo documental da complexidade da vida nesta zona de África. Dende que en 1956 se descubriu petróleo na costa de Nixeria, desenvolveuse unha inmensa industria que supón o 95% dos intercambios comerciais do país, xerando enormes beneficios que non obstante contrastan coas condicións de miseria da poboación local en canto a servizos sociais e infraestruturas, e uns índices de polución que degradaron o medio, orixinado graves problemas de saúde, e acabado coas formas tradicionais de agricultura e pesca. Todo iso derivou en disturbios e nun malestar social crecente, enfrontando as comunidades locais coas compañías petrolíferas, co goberno e co exército.

Osodi traballa como un reporteiro gráfico e opta pola precisión e inmediatez da fotografía en cor e dixital. Nado e criado en Ogwashi-Uku, no delta do Níxer, séntese profundamente comprometido co benestar desta rexión. As súas imaxes, que circulan por todo o mundo a través de Associated Press, tentan ofrecer unha visión equilibrada, revelando situacións cotiás de corrupción, explotación e violencia, e á vez rendendo homenaxe ás súas paisaxes e á súa vibrante cultura.

Andrea Bowers

Julie Anderson, Andrea Bowers, Syndee Crice, Kat, Kare E. Palmer, C. M. Pico, Michele Rowe, SnoCat *Ken Saro-Wiwa's Last Words*, November 10, 1995, 2009

Abelorios, carpeta de correos electrónicos

Cortesía de Charlotte and Bill Ford Collection, Connecticut

Andrea Bowers

Póster dedicado a Ken Saro-Wiwa, 2009

Impresión dixital

Cortesía da artista e de Andrew Kreps Gallery, Nova York

Incluída na exposición *Mery Mery Me* (2009), que a artista presentou na galería Andrew Kreps de Nova York en 2009, esta obra mostra as últimas palabras do poeta e activista nixeriano Ken Saro-Wiwa –“Lord take my soul, but my struggle continues” [O Señor leva a miña vida, pero a miña loita continúa]– que foi xulgado, condenado e executado por un tribunal militar polas súas críticas ás multinacionais que espoliaban os recursos petrolíferos de Nixeria, en convivencia co réxime ditatorial que gobernaba daquela o seu país. Esta obra fai referencia tamén a outros materiais documentais sobre Saro-Wiwa, como a recoñecida reportaxe publicada polo xornalista Alan Rusbridger, en *The Guardian*.

A vitrina dedicada a Saro-Wiwa mostra distintos materiais relacionados coa súa historia.

A balea negra



GALEGO

VESTÍBULO PRINCIPAL

The Yes Men

Tribute to Reggie, 2007

Vídeo dixital

2'59"

Cortesía de The Yes Men en colaboración con Reggie Watts

A páxina web do grupo de activistas The Yes Men define o seu principal labor nos seguintes termos: trátase de “facerse pasar por grandes criminais para humillalos publicamente. Entre os obxectivos están líderes e grandes corporacións que antepoñen as súas propias ganancias a calquera consideración”. Aínda que este colectivo conta con centos de membros, os seus dous representantes máis visibles son Mike Bonanno (profesor de Media Art no Rensselaer Polytechnic Institute) e Andy Bichlbaum (profesor da Parsons New School for Design). A través de páxinas de internet falseadas e moi difíciles de distinguir das orixinais, provocan confusións e conseguen ser invitados a conferencias ou simposios como “representantes” oficiais das devanditas empresas, infiltrándose en situacións que estarían completamente vedadas a calquera activista, e obtendo así un grande eco nos medios de comunicación.

Unha das súas accións máis coñecidas tivo lugar cando Bonanno e Bichlbaum foron invitados á Gas and Oil Exposition en Calgary (Canadá, 2007), unha das citas máis importantes da industria do petróleo. Disfrazados de representantes do NPC (National Petroleum Council, asesores da Casa Branca en materia enerxética), presentaron unha nova fonte de enerxía creada por Exxon-Mobil chamada “Vivoleum”, que se conseguía reciclando os corpos dos falecidos nalgún dos desastres ambientais das políticas enerxéticas de países como EUA e Canadá. *Tribute to Reggie* foi o vídeo promocional do evento.

PANÓPTICO

Damián Ortega

Movimiento en falso (equilibrio y sostenibilidad económica), 1999-2003

3 barrís de petróleo, base rotatoria con motor, plataforma de madeira

Cortesía de Colección de Arte Contemporáneo, Fundación “la Caixa”

Movimiento en falso (equilibrio y sostenibilidad económica) é unha das pezas que mellor articulan o conxunto da exposición a partir do movemento rotatorio e do ruído producido polos barrís que compoñen a “escultura” de Ortega. A obra presenta unha torre ambiciosa, e que ao mesmo tempo parece correr o perigo dun derrubamento inminente. Xunto á obra de Analia Saban –que forma parte do seu proxecto realizado en 2007, *When Things Collapse*– mostra unha inquietante capacidade visionaria que conecta inesperadamente o equilibrio precario dunha sociedade dependente do petróleo co colapso da economía financeira. Un estraño arco relaciona a guerra de Iraq, o accidente do *Prestige* e a caída de Lehman Brothers: fenómenos, todos eles, característicos do que Ulrich Beck denomina “sociedades do risco”.

Analia Saban

Paint (Black) #1, 2012

Tinta plastisol en bolsa de poly-nylon sobre lenzo

Cortesía de Galerie Praz-Delavallade, París

Analia Saban

Erosion (Scaffolding)

2012

Pintura acrílica láser en lenzo esculpido

Cortesía de Galerie Praz-Delavallade, París

Analia Saban

Newspaper clipping: “Economy and Geopolitics Decide Where Oil Goes Next”, The New York Times, January 4th 2008, #2, 2012

Tinta sobre papel

Cortesía de Galerie Praz-Delavallade, París

Phel Steinmetz

Oil, Profit, Control

1973 (orixinal), 2005 (versión dixital)

Publicación e fotografías dixitais

Cortesía do artista

Phel Steinmetz formou parte dun grupo de artistas conceptuais de San Diego a principios dos setenta, entre os que tamén figuraban Eleanor Antin, Fred Lonidier, Martha Rosler e Allan Sekula, e que tiña como característica o seu interese polo medio fotográfico e a representación do mundo do traballo. O proxecto de Steinmetz titulado *Oil, Profit, Control*, realizado en 1973, inclúe unha publicación con imaxes orixinais da crise petrolífera de 1973 –a primeira que serviu como toque de atención sobre a finitude e caducidade do sistema de produción actual– entre as que destacan vistas de gasolineras abandonadas ou cidadáns facendo cola para encher o depósito dos seus coches, xunto a recortes que documentan e revelan a manipulación do mercado levada a cabo polas compañías petrolíferas para aumentar os seus beneficios.

A balea negra



GALEGO

PERIMETRAL A2

Alberte Pagán

A quem se lle conte..., 2011

Doble proxección sincronizada

36'

Cortesía de Alberte Pagán

“*A quem se lle conte...* carece de textos (agás algunhas pintadas e cartazes) porque a súa intención é deixar que as imaxes falem por si mesmas. A paisaxe é a depositaria da historia (em ambos sentidos: a historia como relato, a Historia como devir social), em diferentes graos, desde a imaxe inmediata (o chapapote sobre as rochas) até pintadas esvaídas que remitem a acontecementos pasados, pasando polas brigadas de limpeza (que cumprían unha dobre función: as tarefas voluntarias de limpeza, independentes do poder; e a simbolización da indignación popular e o activismo político). As brigadas de limpeza som a um tempo imaxe da catástrofe ecológica (quixá a icona mais reconhecível de aqueles meses negros) e consecuencia de sucesos anteriores (o verquido de petróleo). *A quem se lle conte...* é unha obra sobre as pegadas da historia na realidade: o chapapote sobre as rochas, as pintadas esvaídas sobre as paredes; a realidade como palimpsesto”. [Alberte Pagán]

A balea negra



GALEGO

VESTÍBULO lateral

Peter Hutton

At Sea, 2007

Filme

60'

Cortesía de Peter Hutton

A película de Hutton *At Sea* (2007) dialoga coas ruínas industriais de Robert Smithson e Ortega, e coas reflexións críticas sobre a globalización e o comercio trasatlántico de Allan Sekula. Os miles de buques inmensos que cruzan os océanos a diario cargados de containers ou de materias primas (como o *Prestige*), son a evidencia de que o mundo “virtual” da economía financeira e as abstraccións dixitais seguen tendo un contrapeso no mundo “real”, físico, do traballo, a materia e a natureza. O filme de Hutton remarca estas relacións, que non sempre resultan visibles a causa de intereses económicos ou políticos.

A obra de Hutton narra momentos idénticos aos que viviu un barco como o *Prestige*, agás o seu final: odespece en Bangladés. *At Sea* contribúe ao discurso expositivo como homenaxe ao mundo do traballo, como crítica das súas condicións, e como denuncia das ameazas ambientais inherentes ao comercio globalizado.

PERIMETRAL A3

Michael Stevenson

On How Things Behave, 2010

Vídeo

15'12"

Cortesía do artista

O traballo de Michael Stevenson relata historias recentes por medio da alegoría. As súas obras –xa sexa cadros, debuxos, esculturas, instalacións ou películas– utilizan formas narrativas que transforman o real en materia de fábula. No caso da obra *On How Things Behave* (2010), que Stevenson filmou en Galicia con motivo do proxecto *A cidade interpretada*, comisariado por Pablo Fanego, o artista neozelandés toma a Manfred Gnädinger, máis coñecido como *Man*, como protagonista e heroe trágico do relato. “O vídeo comeza como un conto baseado nos corenta anos de relación simbiótica de *Man* co mar, no pobo de Camelle; un vínculo que foi devastado en 2002 cando o petroleiro *Prestige* naufragou na costa de Galicia, esnaquizando boa parte das creacións do anacoreta. Simultaneamente atemporal e profético (e anticipando o posterior vertido da plataforma Deepwater Horizon no Golfo de México), *On How Things Behave* traza espirais a partir do conto dun eremita co corazón roto, cara a unha profunda meditación sobre as falacias da predición”. [Extracto do texto do artista Simon Starling en *Artforum*, decembro 2010]

Texto da vitrina

A balea negra conclúe cunha selección de obras e materiais documentais de *Man* (Manfred Gnädinger), que dialogan co vídeo de Michael Stevenson. Resultan especialmente interesantes os últimos traballos que realizou o anacoreta antes de morrer, o 28 de decembro de 2002; fotografías recortadas de xornais da costa manchada polo chapapote e intervidas con debuxos realizados cun rotulador negro. Estas imaxes (que recordan a certos traballos do Land Art e de Robert Smithson en particular), representan con expresividade a amargura do artista e de toda unha sociedade nos seus días máis tristes. Ao seu carón expóñense outros materiais que contextualizan a obra póstuma de *Man* e que se remontan á década dos setenta.

Todas estas pezas están depositadas na Fundación Man de Camelle, encargada de conservar e difundir a súa obra dende o seu pasamento. Cortesía Fundación Man, Camelle.

Nesta vitrina pódese atopar unha reportaxe sobre *Man* publicada en *La Voz de Galicia* o 12 de agosto de 1979, fotografías de obras de *Man* e algunhas intervencións realizadas dende os anos setenta, un retrato de *Man* de Xurxo Lobato e unha imaxe do estado no que quedou a súa casa-museo logo do accidente do *Prestige*, do mesmo autor.

Na outra vitrina pódese ver a entrevista “Man y el sueño de la ballena negra”, publicada no *Faro de Vigo* o 8 de decembro de 2002, recortes de xornais pintados con rotulador negro polo artista, e libros da súa colección.